

# GUÍA PARA A CODIFICACIÓN DOS HÁBITATS

A clasificación dos hábitats empregada neste seguimento de aves organízase nun máximo de catro niveis xerárquicos. Este sistema permite describir con maior detalle as características da contorna onde se detectan as especies e facilita a integración de información relevante nas análises de ocorrencia e abundancia.

## NIVEL 1:

Este primeiro nivel agrupa os principais tipos de hábitat que poden atoparse na zona de estudo:

- **CÓDIGO A: Hábitats forestais:** Inclúe todas as formacións con cobertura arbórea ou arbustiva con altura superior a 3 metros.
- **CÓDIGO B: Hábitats de matogueira:** Inclúe todas as formacións arbustivas con vexetación dominante de altura inferior a 3 metros.
- **CÓDIGO C: Mosaico agropecuario:** Fai referencia aos agroecosistemas tradicionais caracterizados pola coexistencia de diferentes usos do solo, como pastos, cultivos, pequenas masas forestais, sebes vivas e outros elementos seminaturais, distribuídos de xeito heteroxéneo na paisaxe.
- **CÓDIGO D: Prados e pasteiros:** Inclúe todas aquelas comunidades herbáceas manexadas ou seminaturais, tales como prados de sega, prados de dente, pasteiros naturais, etc. A presenza de árbores ou arbustos é mínima.
- **CÓDIGO E: Outros hábitats:** Recoméndase evitar o uso deste código e procurar hábitats que coincidan con algunha das categorías anteriores. Neste código incluíranse viñedos, cultivos de secaño ou regadío, ambientes rochosos, zonas húmidas, zonas periurbanas, etc.

## NIVEIS 2, 3 e 4

Estes niveis aplícanse unicamente aos hábitats forestais (código A) e de matogueira (código B)

### (A) Hábitats forestais

#### Nivel 2

- **Código 1 Bosques autóctonos:** Inclúe principalmente as formacións caducifolias dominadas por carballos (carballo común, carballo albar, cerquiño), bidueiros, castiñeiros (soutos), bosques de ribeira (ameneirais, salgueirais, freixais, etc.), bosques mixtos (sen dominancia clara dunha especie concreta), así como formacións perennifolias como aciñeirais e sobreirais.
- **Código 2 Piñeirais:** Inclúe toas as plantacións forestais de coníferas (todas as especies de piñeiros e abetos).
- **Código 3 Eucaliptais:** Inclúe todas as plantacións dominadas por calquera especie de eucalipto.

- **Código 4 Plantación mixta:** Fai referencia a plantacións mixtas de piñeiros e eucaliptos, cunha mestura superior ao 25 %.
- **Código 5 Bosque-Plantación:** Engloba aquelas formacións forestais nas que coexisten plantacións (piñeirais e/ou eucaliptais) e bosque natural, cunha mestura superior ao 25 %.
- **Código 6 Outras formacións forestais:** Abrangue calquera tipo de formación forestal que non encaixe nos códigos anteriores, como plantacións forestais de carballo americano, choupeiras, cultivos de árbores froiteiras, masas dominadas por acacias, robinias, etc.
- **Código 7 Tala postincendio:** Práctica moi estendida de tala e extracción de árbores afectadas polo lume (sería o final do código: A7)

### Nivel 3

- **Código 1 Masas maduras:** Aquelas nas que a circunferencia media dos troncos supera os 100 cm á altura do peito (resulta difícil rodealos cos dous brazos)
- **Código 2 Masas intermedias:** Aquelas nas que a circunferencia media dos troncos se sitúa entre 50 e 100 cm á altura do peito (pódense rodear cos dous brazos e son máis grosos ca coxa dunha perna).
- **Código 3 Masas novas:** Aquelas nas que a circunferencia media dos troncos é inferior a 50 cm á altura do peito (máis finos ca a coxa dunha perna).

### Nivel 4

- **Código 1 Con sotobosque:** Enténdese aquí por sotobosque unicamente o estrato arbustivo (breixos, toxos, silvas, abeleiras, sanguíños, acivros, plántulas de árbores novas, etc.) situado por baixo do dosel forestal, excluindo expresamente a vexetación herbácea. Este código aplicarase cando a cobertura do estrato arbustivo supere o 30 %.
- **Código 2 Sen sotobosque:** Este código aplicarase cando a cobertura do estrato arbustivo sexa inferior ao 30 %.

## (B) Hábitats de matogueira

### Nivel 2


- **Código 1 Breixeira/Toxeira:** Inclúe formacións arbustivas dominadas por breixos (xénero *Erica*) e/ou toxos (xénero *Ulex*). Nestas comunidades é habitual a presenza doutras especies características da matogueira galega, como *Calluna vulgaris*, *Daboecia cantabrica* ou *Pterospartum tridentatum*, entre outras.
- **Código 2 Xesteira/Piorneira:** Inclúe as comunidades arbustivas dominadas por especies de tipo xesta (xéneros *Genista*, *Cytisus* ou *Adenocarpus*).
- **Código 3 Outras matogueiras:** Engloba calquera formación arbustiva que non encaixe nos códigos anteriores: silveiras, espiñais, abruñeiros e outras orlas forestais.

### Nivel 3

- **Código 1 Matogueira alta:** Altura media por riba do peito (> 120 cm)
- **Código 2 Matogueira media:** Altura media entre o xeonllo e o peito (50 – 120 cm)
- **Código 3 Matogueira baixa:** Altura media por baixo do xeonllo (< 50 cm)

#### Nivel 4

- **Código 1 Cobertura densa:** A superficie cuberta pola matogueira é superior ao 70%
- **Código 2 Cobertura media:** A superficie cuberta pola matogueira sitúase entre o 30% e o 70%
- **Código 3 Cobertura espallada:** A superficie cuberta pola matogueira é inferior ao 30%



**¡¡Gracias por participar nesta mostraxe!!**

Para obter axuda ca codificación de hábitats podes dirixirte a estes correos  
[f.garcia@mbg.csic.es](mailto:f.garcia@mbg.csic.es) [aregos@mbg.csic.es](mailto:aregos@mbg.csic.es)